


PROGRAMACIÓN DO MÓDULO DE PROXECTO INTEGRADO

CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE PREVENCIÓN DE RISCOS PROFESIONAIS


CURSO 2023-2024

Fdo: M^a del Rosario Cid Pérez



Contido

I. INTRODUCCIÓN	3
II. OBXECTIVO XERAL E DESENVOLVEMENTO DO MÓDULO	3
III. OBXECTIVOS E CAPACIDADES TERMINAIS	6
IV. TEMPORALIZACIÓN:.....	7
V. METODOLOXÍA	7
VI. AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN.....	9
VII. INFORMACIÓN ALUMNADO	11
VIII. ATENCIÓN A DIVERSIDADE	11
IX. ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN NUN CONTEXTO DE PANDEMIA	12



I. INTRODUCCIÓN


O módulo de proxecto integrado é un módulo que non aparece desenvolvido no **RD. 277/2003, de 7 de marzo**, no que se establece o currículo do ciclo de prevención de riscos laborais. O módulo é introducido no currículo polo equipo docente que desenvolve o currículo no seu terceiro nivel de concreción no IES POLITÉCNICO DE VIGO. Introdúcese este módulo porque se estima necesario a realización por parte do alumno dun proxecto no que se proceda á aplicación práctica dos contidos adquiridos nos outros módulos, e para o desenvolvemento da actividade principal dun **Técnico Intermedio de Prevención de riscos laborais: “A avaliación de riscos da empresa e a elaboración de toda a documentación preventiva”**.

II. OBXECTIVO XERAL E DESENVOLVEMENTO DO MÓDULO

O alumnado elaborará un proxecto no que se desenvolverá **un proceso empresarial a nivel preventivo**, na modalidade de documentación simplificada establecida na normativa para las PYMES, elaborando toda a documentación esixida legalmente á mesma no cumprimento de velar pola seguridade e saúde dos traballadores. O proxecto ten como eixe principal á avaliación de riscos, incluíranse todos os procedementos e as medidas de emerxencias e distribuíndo todas as responsabilidades a nivel preventivo nos distintos niveles de responsabilidade da empresa.

Do que se trata é de desenvolver a través do proxecto todas as funcións que lle corresponde como técnico de nivel intermedio establecidas pola lei, a saber:

- **Promover**, con carácter xeral, a prevención na empresa e a súa integración.
- **Propor** medidas para o control ou redución dos riscos ou expor a necesidade de recorrer ao nivel superior, á vista dos resultados da avaliación.
- **Realizar** actividades de información e formación básica a traballadores.



- **Vixiar** o cumprimento do programa de control e redución de riscos e efectuar persoalmente as actividades de control das condicións de traballo que teña asignadas.
- **Participar na planificación da actividade preventiva e dirixir as actuacións a desenvolver** en casos de emerxencia e primeiros auxilios.
- **Colaborar cos servizos de prevención, no seu caso.**
- **Calquera** outra función asignada como auxiliar, complementaria ou de colaboración do nivel superior.
- **Realizar avaliacións de riscos**, salvo as especificamente reservadas ao nivel superior.

Para iso será necesario **desenvolver o proxecto nunha empresa real** na que se fará un minucioso estudo coa finalidade de elaborar os documentos citados anteriormente. Será necesaria unha exhaustiva toma de datos e ter un coñecemento profundo da actividade empresarial desenvolvida e os riscos xerados pola mesma.

Dentro do proxecto podemos establecer os seguintes apartados:

A) Contextualización: neste apartado identificaremos a empresa situándoa xeograficamente, xuridicamente e economicamente. Se recolleran datos como:


➤ **Emprazamento:** Localidade, habitantes ,nivel de renda, superficie , problemática da zona.

➤ **Tipo de constitución xurídica:** Sociedade anónima, limitada, comunidade de bens etc. Achegar estatutos se os tivese .Convenio colectivo .

➤ **Actividade desenvolvida:** tipo de clientela Identificación do proceso de principio a fin.

➤ **Imaxe social** da empresa

Planos das súas instalacións cas vías de evacuación e medios de extinción de incendios.




- **Traballadores**, número, tipos de contratos, procedencia, idades, sexo. formación académica e formación preventiva.
- **Organigramas da empresa** a nivel preventivo e xerárquico.
- **Integración da prevención** na empresa: asunción da prevención, actividade preventiva desenrolada pola empresa. Formación e información aos traballadores. Presenza de recursos preventivos o traballadores asignados.
- Calquera outro dato de interese para a elaboración do proxecto.

B) Identificación da actividade e descrición minuciosa da mesma:

- **División, identificación e descrición:** das distintas zoas da empresa e dos postos de traballo
- **Características dos Postos obxecto de avaliación:** principais tarefas, espazos, perfil do traballador. xornada etc.
- **Maquinaria e ferramentas**
- **Instalacións da empresa** o seu cumprimento coa normativa vixente.

C) Elaboración de toda a documentación preventiva: plan de prevención y procedementos preventivos.

- Plan de prevención.
- Avaliación de Riscos.
 - ✓ Avaliación **xeral**.
 - ✓ Avaliacións **específica:** Posto de PVD e avaliación risco Psicosocial.
- Planificación preventiva.
- Procedementos: Formación e información, Medidas de emerxencias, Investigación de accidentes etc.
- Carteleira, plan de acollida.



III. OBXECTIVOS E CAPACIDADES TERMINAIS


No módulo de proxecto integrado darase cumprimento ao alcance da competencia xeral e as capacidades terminais expresadas a continuación e establecidas no currículo do Ciclo formativo no **RD. 277/2003, de 7 de marzo**

A. Competencia xeral:

Participar na prevención, protección colectiva e protección persoal mediante o establecemento ou adaptación de medidas de control e correctoras para evitar ou diminuír os riscos até niveis aceptables co fin de conseguir a mellora da seguridade e a saúde no medio profesional, de acordo ás normas establecidas.

B. Capacidades terminais:

1. Posuír unha visión global e integrada do proceso de produción que lle permita colaborar con outros departamentos internos e externos na planificación das actividades que poidan comportar danos para os traballadores, as instalacións ou a contorna, con obxecto da súa prevención.
2. Colaborar cos servizos e entidades con competencias en prevención dos riscos laborais e especialmente con aqueles que, no seu caso, formen parte do sistema de prevención da empresa.
3. Promover, con carácter xeral, a prevención na empresa.
4. Detectar e analizar, ao seu nivel, os riscos propios de cada actividade no proceso produtivo e os específicos dos equipos, sustancias e preparados que se manipulen así como das reaccións que producen.
5. Vixiar o cumprimento das normas de seguridade, hixiene e ambientais, supervisando a adecuación dos equipos e medios de prevención aos riscos asociados ás máquinas, instalacións, procesos, sustancias e preparados.



6. Establecer medidas preventivas e protectoras participando na elaboración do programa preventivo e do plan de emerxencia interior e exterior, organizando os medios humanos e materiais na forma máis adecuada para controlar as situacións de risco, así como colaborar nas actuacións a desenvolver en casos de emerxencia e primeiros auxilios.

IV. TEMPORALIZACIÓN:

O Módulo de Proxecto Integrado corresponde ao segundo curso do ciclo formativo e terá unha duración de **70 horas**. Distribuídas a razón de 4 horas semanais e desenvolverase de outubro a Marzo.

O tempo de desenvolvemento do proxecto é ata o **1 de marzo** reservando a semana do **1 ao 10 de marzo para a presentación do proxecto.**


Dividiremos o proxecto en dous partes en canto á realización: o **11 de Decembro** teñen que estar realizados todos os apartados do plan de prevención, ata os procedementos e iniciado, exposto e avanzado o procedemento de avaliación de riscos. **As visitas acabarán neste primeiro trimestre.**

O **1 de marzo** debe estar finalizado o proxecto.

Do **1 ao 10 de marzo** presentarase en clase o proxecto mediante unha paxina web..

V. METODOLOXÍA

Desenvolverase un proxecto nunha empresa real, escolléndose, por parte do alumnado unha empresa de baixo o medio risco na que desenvolverase a recollida de información e todas as funcións dun técnico intermedio de prevención. Facilitaráselle, ao alumnado, durante o primeiro trimestre 2 horas lectivas cada 15 días para visitar a empresa e familiarizarse



coa contorna produtiva, todo iso co preceptivo permiso da inspección. **Os alumnos traerán un xustificante selado pola empresa conforme a visita produciuse (Anexo 1), a docente comunicará a subdirección do centro os alumnos que encontrase fora na visita.**

Pola miña banda facilitarase ao alumno as ferramentas necesarias para o desenvolvemento do proxecto. Sempre fomentando a recollida, clasificación e interpretación da información a medida que se lles expoñan as necesidades da mesma.


Buscarase sempre a independencia e autonomía do alumno , para así simular as situacións reais do mundo empresarial. Ao ser un módulo do segundo ano e estar próxima a súa incorporación ao mundo laboral, debe potenciarse a capacidade de aprender coas súas propias ferramentas. Estando o profesor como un apoio nese auto-aprendizaxe, non hai que esquecer que nos atopamos próximos á incorporación ao mundo laboral e o alumnado debe ter a madurez axeitada. **Un dos obxectivos do módulo é facilitar a incorporación do alumno al mercado laboral.**

O profesor converterase nun simple guía do proxecto, sendo o alumno o que deberá realizar toda a actividade de documentación, investigación e desenvolvemento do proxecto, podendo solicitarme a aclaración de calquera dúbida que se lle presente.

Cada alumno/a terá que rexistrarse para poder descargar todo o material empregado para a impartir este módulo e facer as distintas entregas do proxecto.

O curso dividino en **6 bloques temáticos**, en cada un dos cales o alumnado terá os recursos de aprendizaxe necesarios para poder elaborar o proxecto así como informacións varias :

- Información xeral:
- Normativa
- Manual de prevención de riscos laborais
- Avaliación de riscos
- Procedementos preventivos



Cada 15 días abrírase unha entrega na aula virtual para facer un seguimento do proxecto, a docente revisarálles o mesmo e poñerá as correccións para realizar.


Recursos e materiais:

- O alumnado terá á súa disposición un computador con acceso a internet.
- O profesor facilitará toda a documentación necesaria para o desenvolvemento do mesmo, dita información colgarase **na aula virtual** <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespolitecnicoVigo/aulavirtual/> nun curso creado para o módulo de proxecto integrado.
- Faranse distintas presentacións en power-point, explicativas.
- Manexo e aplicación da normativa en materia de seguridade e hixiene. Así como toda a documentación dos distintos órganos preventivos a nivel galego.
- Utilización da **Aula virtual** para toda a labor docente: facilitar o material, ligazóns, modelos reais e todos os controis dos dous trimestres.

VI. AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN

A cualificación farase en función de :

1. **Observación na aula do alumno** : participación, iniciativa, reflexións e métodos de traballo.
2. **Control da información recollida nas empresas** cada 15 días .
3. **Controis quincenais** do traballo realizado .
4. Será **fundamental a asistencia a clase**, as faltas, aínda que sexan xustificadas, terán como consecuencia a **realización dun exame**



adicional ao proxecto, cando o alumno supere o 10% das horas totais do módulo. O exame versará sobre o contido do proxecto presentado, a finalidade e comprobar a autoría do mesmo e a consolidación dos contidos dos módulos do ciclo. A proba escrita consistirá en:

- Contextualizar a empresa: Actividade, traballadores, instalacións etc.
 - Avaliación de riscos e planificación preventiva: Explicar a formulación da mesma, método utilizado y principais riscos.
 - Procedementos: Formación, Vixilancia da saúde e medidas de emerxencias.
5. Para a **cualificación global** valorarase o proxecto no seu conxunto. Entregado por escrito, e en soporte dixital con letra Arial 11 e interlineado de 1,2.
6. O alumnado exporá mediante unha presentación aloxada nunha paxina WEB O BLOG o proxecto.
7. Aqueles que **perdan o dereito á avaliación continua**, ademais da entrega do proxecto realizarán un exame sobre o contido do mesmo, xa explicado con anterioridade.
8. Os porcentaxes sobre a nota do módulo **(de 1 a 10)** serán os seguintes:


1. Proxecto escrito :

- **Contextualización: 15% (1,5)**
- **Plan de prevención 10% (1)**
- **Avaliación de riscos: 32,5% (3,25)**
 - **Avaliación Inicial 20%**
 - **Evaluación PVD: 5%**
 - **Evaluación Riesgos Psicosociales: 7,5%**
- **Medidas de emergencia: 5% (0,5)**
- **Plan adaptación COVID y Plan de Acoxida: 7,5% (0,75)**

2. Defensa do proxecto : 22,5% (2,25)

- **Paxina web: 12,5%**
- **Exposición: 10%**

3. Entregas a tempo: 7,5% (0,75)



Facilitárase ao alumnado información da rúbrica utilizada para a avaliación do proxecto integrado.

O alumnado que non alcance o cinco (nota mínima para aprobar) no proxecto en marzo, terá que recuperalo de marzo a xuño, para iso **facilitaráselles un informe de avaliación no que se lles indicará os defectos do proxecto para a súa corrección**. Tamén terán que realizar unha proba escrita que versará sobre o proxecto realizado e preguntaráse de calquera punto, tanto a nivel teórico como práctico, do mesmo.


"O alumnado que se acolla á FP Dual de segundo ano, terá un exame de avaliación dos CA mínimos que sexan impartidos no centro de traballo."

VII. INFORMACIÓN ALUMNADO

Ao alumnado colgáseselle a principio do curso escolar un documento no curso creado na aula virtual que recolle toda a programación do módulo. Informaráselle concretamente de:

- ✓ Obxectivos do módulo.
- ✓ Contido e desenvolvemento do mesmo.
- ✓ Metodoloxía empregada.
- ✓ Temporalización cos distintos prazos.
- ✓ Avaliación .
- ✓ Recuperación e perda de avaliación continua.

VIII. ATENCIÓN A DIVERSIDADE



Para aqueles casos en que se suscitase a necesidade planificaríanse actividades concretas , todo iso co obxectivo de que se alcancen os obxectivos propostos, ditas actividades adaptaríanse ás necesidades específicas do alumno e do seu nivel de coñecemento.

Doutra banda se tivesen alumnos con algún tipo de discapacidade que fixese necesaria unha atención específica a valoraría e acudiríase ao Departamento de orientación, para coa súa colaboración realizar as adaptacións pertinentes para alcanzar os obxectivos propostos.

IX. ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN NUN CONTEXTO DE PANDEMIA


Para esta materia dispónse dunha AULA VIRTUAL aloxada na páxina web del IES POLITÉCNICO de Vigo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespolitecniovigo/aulavirtual/>

Na aula virtual encontrase un curso creado “ Proxecto Integrado”. Neste curso o alumnado terá todo o material necesario para o curso 2022/2023

Cada alumno/a terá que rexistrarse para poder descargar todo o material empregado para a impartir este módulo e facer as distintas entregas do proxecto.

- CLASES A DISTANCIA** Esta metodoloxía aplicarase no caso de confinamento do grupo o suspensión de las clases debido a unha situación de emerxencia.
 - ✓ No caso de impartir clases non presenciais utilizarase a plataforma de videoconferencias CISCO WEBEX (<https://eduxunta.webex.com/meet/charo.cid>). O alumnado poderá conectarse a esta plataforma utilizando PC, Tableta ou



móbil seguindo as normas establecidas para o aprendizaxe virtual no **PLAN DE CONTINXENCIA** do IES POLITECNICO, normas postas en coñecemento do alumnado a principio do curso na presentación do módulo, no documento facilitado ao alumnado atópanse recollidas ditas normas. :

- ✓ As conexións virtuais coincidirán coas horas establecidas no horario do grupo para o módulo, nestas horas a docente encontrárase a disposición do alumnado para facer as aclaracións e dar resposta as súas preguntas

A aula conta cos recursos necesarios para facer as conexións (webcam, ordenador e proxector).

En caso de confinamento do grupo o suspensión das clases presenciais D nas fechas de presentación do proxecto a mesma faríase a través da plataforma **CISCO WEBEX**.

Ante situacións de cuarentena do alumnado tamén se utilizará a plataforma CISCO WEBEX para as conexións virtuais e o alumnado terá toda a información e todo o que necesite para o desenvolvemento do proxecto no curso creado na aula virtual.

Vigo a 12 de setembro do 2023